VII XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín – IES Francisco Aguiar – IES As Mariñas
ANPA Brigantium – ANPA O Carregal – ANPA As Mariñas
CFR A Coruña - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Concello de Betanzos
7 e 8 de xuño de 2019 – Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Arquivo) BETANZOS

OS NENOS, PROTAGONISTAS DA ESCOLA

8 de xuño 2019, Liceo de Betanzos. **Fernando Gutiérrez Lata e Sofía Marcote de Bernardo** entrevistamos a **Paulo Nogueira Porto**, mestre de primaria e especialista en educación musical. Actualmente director do C.E.I.P. as Covas-Meaño (Pontevedra).

Foto. Lourdes Nieto e Valentina Silva (IES Francisco Aguiar)

-Afirma que o sistema educativo precisa un cambio?
-Sobre todo o cambio da nosa escola ten que ver coa mirada hacia a escola, hacia os nenos e nenas e hacia todo o que ten que ver coa campaña educativa. Xira hacia unha pregunta "que é o importante? e que é o que queremos que se leven na súa mochila?, unha mochila invisible, pero que leva moitas cousas".

-Que nos podes contar sobre os traballos audiovisuais que fixeches no teu centro educativo para facilitar o ensino aos teus alumnos.
-Hai tres anos houbo un proxecto que se chamou "Telecoviña" que se dirixia a todo o mundo. Desde as distintas aulas crearonse proxectos que teñen que ver co mundo audiovisual: co cine, coa televisión, coa publicidade, con actores e con actrices, con presentadores de informativos, que serviu para poñer en marcha un canal de televisión, chamado "Telecoviña", que trata de que os medios audiovisuais sexan unha ferramenta.

-Leva traballando moito tempo na música, cal considera que é o seu papel na escola?
-Actualmente non estou como mestre de música, estou como mestre na primaria, pero como mestre de música o meu papel era o que se ían levar nesa mochila ao rematar a primaria e para que lles ía servir o día de mañá, xa que desde que nacemos ata que morremos estamos rodeados de música. Ademais que a música é un elemento moi importante para a tolerancia.

Foto. Lourdes Nieto e Valentina Silva (IES Francisco Aguiar)

- Antes falabas dunha mochila imaxinaria, que che gustaría que levaran os teus alumnos nesa mochila?
-Moitas cousas, pero o máis importante é: saber estar, saber ser e saber disfrutar cada momento.

-Que é o que máis che gusta de ser profesor?
-O contacto cos nenos.

-Que proxectos futuros che gustaría facer con Magoia Bodega?
-Con Magoia realizamos varios proxectos para nenos/as. Os dous éramos mestres de educación musical, ambos realizamos traballos especializados para nenos de infantil e primaria. O proxecto de transformación do colexio ocupanos tanto tempo que tivemos que apartar os traballos musicais. Ambos tocamos en "Treixadura".

Foto. Lourdes Nieto e Valentina Silva (IES Francisco Aguiar)

-A curto prazo non, pero tes pensado facer máis proxectos?
-Ideas hai, pero falta tempo. Cando inventen días de máis de 24 horas ao mellor, pero como sabemos que iso non vai pasar…

-Os nenos colaboran nos proxectos?
-Sempre colaboran, debido a que gran parte de ese material traballase na aula, os nenos axudannos a saber o que gusta e o que non gusta e tamén participan neles.

Moitísimas grazas Paulo por facer máis fácil a educación e o ensino tanto para profesores como para os alumnos.